

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA ORGANIZATIVA DA NOVA
CORPORACIÓN MUNICIPAL (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 27/06/2019**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-D. ALFONSO RAMÓN GONZÁLEZ GALLEGO
-D. MIGUEL ÁNGEL GARCÍA MIGUÉNS
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 27/06/2019, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinario convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 15 de xuño de 2019, con motivo da constitución da nova Corporación Municipal.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos nos meses de abril e maio de 2019.
3. Toma de coñecemento das Resolucións da Alcaldía en materia de: Membros da Xunta de Goberno Local e competencias, delegacións conferidas pola Alcaldía e nomeamentos de Tenentes de Alcalde.
4. Toma de coñecemento da constitución dos grupos políticos municipais.
5. Aprobación, se procede, da periodicidade de sesións do Pleno da Corporación Municipal.
6. Aprobación, se procede, da creación e composición das Comisións Informativas Permanentes.
7. Aprobación, se procede, dos nomeamentos de representantes da Corporación en órganos colexiados, que sexan de competencia do Pleno.
8. Aprobación, se procede, do establecemento de retribucións ao Alcalde, Concelleiros/as Delegados/as e determinación de número, características e retribucións do persoal eventual.
9. Aprobación, se procede, da dotación económica aos grupos políticos municipais.
10. Aprobación, se procede, das indemnizacións aos/ás Concelleiros/as en concepto de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación e contía das axudas de custo.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Alfredo Gutierrez Avecilla utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 15 DE XUÑO DE 2019, CON MOTIVO DA CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de 15 de xuño de 2019.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190627&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

2. TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NOS MESES DE ABRIL E MAIO DE 2019.

Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía durante os meses de abril e maio de 2019:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATAS ANTERIORES:

Nº DESCRICIÓN

1 Recoñecemento de obrigas e orde de pago

1 Ampliación prazo para presentación ofertas licitación “Humanización Rúa Vázquez Leis en Vilaxoán”

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE ABRIL DE 2019:

Nº DESCRICIÓN

1 Orde de suspensión obras sen licenza ou comunicación previa

6 Iniciación de expediente de orde de execución

2 Orde concesión prazo para tramitación título habilitante para realización de obras

2 Imposición de multa por incumprimento de resolución

1 Estimación alegación expediente de reposición da legalidade urbanística

1 Declaración caducidade procedemento de reposición da legalidade urbanística e iniciación novo procedemento

1 Reiteración orde valado provisional de solar

1 Desestimar solicitude ampliación prazo para realización de obras

1 Orde concesión prazo para solicitude de licenza municipal

2 Arquivo de expediente solicitude presentación informe-ditame de seguridade

1 Orde concesión prazo ornato e limpeza fachadas de edificación

1 Estimación parcial de recurso de reposición contra resolución en relación con obras de peche

1 Declaración ineficacia comunicación previa obras

1 Ratificación resolución comunicación de apertura de establecemento para cambio de titularidade e desenvolvemento de actividade

7 Legalización obras e/ou instalación

9 Aceptación de comunicación previa de apertura e documentación para o cambio de titularidade e desenvolvemento de actividade

38 Aceptación de comunicación previa para obras

1 Autorización para destino temporal de uso de aparcamento público parcela

1 Aceptación recepción de obras de urbanización da UEI-21

1 Concesión de licenza para cambio de titularidade expediente de acondicionamento de local

1 Concesión licenza para obra menor

1 Concesión de licenza para instalación de entrada de carruaxes

2 Concesión de licenza de obra maior

- 3 Concesión de licenza para canalización
 - 5 Concesión de licenza para acometida e conexión de auga e/ou alcantarillado
 - 1 Concesión de 2ª prorroga para finalización de obras
 - 1 Avogación competencias Xunta Goberno Local para aprobación gasto
 - 4 Nomeamento de funcionario/a
 - 1 Aprobación de gasto aportación Plan de Pensións mes de marzo
 - 2 Concesión de gratificacións especiais por diferenza de retribucións postos de traballo de nivel superior
 - 1 Recoñecemento e aboamento en nomina servizos prestados en domingo
 - 1 Recoñecemento e aboamento en nomina servizos prestados en xornada nocturna
 - 1 Recoñecemento e aboamento en nomina gratificación por festivos
 - 2 Designación Secretaria Xeral en Funcións
 - 2 Designación Interventora accidental
 - 2 Orde cambio de titularidade no catastro inmobiliario de fincas
 - 2 Recoñecemento de obrigas e orde de pago
 - 1 Aprobación de expediente de modificación de créditos de incorporación de remanentes
 - 3 Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos
 - 10 Aprobación de expediente de modificación de créditos de xeración de créditos de natureza non tributaria
 - 2 Concesión de fraccionamento de débeda
 - 13 Orde de pago de facturas
 - 10 Iniciación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico
 - 2 Concesión de tarxeta de armas
 - 3 Inscripción de can no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos
 - 1 Concesión de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
 - 1 Iniciación procedemento para declarar a potencial agresividade de can
- TOTAL: 157**

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO MES DE MAIO DE 2019:

Nº DESCRICIÓN

- 1 Declarar caducidade procedemento de reposición da legalidade urbanística e incoación novo expediente
- 2 Desestimación recurso/alegación contra resolución Disciplina Urbanística
- 2 Concesión prazo para solicitude de título habilitante municipal
- 2 Orde presentación informe-ditame de seguridade estado de conservación e seguridade elementos exteriores de inmovible
- 1 Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística
- 1 Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística
- 1 Imposición de multa coercitiva por incumprimento de resolución
- 1 Reiterar requirimento para presentación de comunicación previa
- 8 Concesión de licenza para acometida e/ou conexión de auga e/ou saneamento
- 1 Concesión de licenza de primeira ocupación
- 1 Concesión de transmisión de licenza de obra
- 1 Aceptación de cesión de terreos a favor do Concello
- 1 Concesión de 2ª prorroga para execución de obras
- 1 Concesión de desestimento de expediente de obra
- 1 Concesión de licenza para vao permanente
- 5 Concesión/denegación de legalización de obras
- 5 Concesión de licenza para canalización

- 2 Concesión de licenza para segregación de fincas
- 6 Concesión de licenza de obra maior
- 2 Concesión de licenza de obra menor
- 1 Concesión de 2ª prorroga para execución de obras
- 3 Concesión de licenza para instalación de valado publicitario
- 2 Declaración de ineficacia de comunicación previa para obras
- 42 Aceptación de comunicación previa para obras
- 1 Nomeamento de funcionario interino a tempo parcial
- 4 Concesión de gratificación especial por substitución e traballo de categoría superior
- 1 Designación Interventora Accidental
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina servizos en xornada nocturna
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina gratificación por festivos
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina servizos prestados en domingo
- 1 Nomeamento de comisión de Selección para Socorristas
- 1 Orde dedución proporcional haberes a empregado municipal por ausencias non xustificadas do posto de traballo
- 1 Asignación a conserxes de colexios vacacións regulamentarias e adscrición temporal funcións
- 1 Aprobación de gasto correspondente a aportación ao Plan de Pensións no mes de abril
- 2 Inscripción de can no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos
- 2 Cambio de titularidade de fincas no Catastro Inmobiliario
- 2 Aprobación de liquidacións emitidas pola Sección de Rendas
- 10 Iniciación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico
- 11 Orde de pago de facturas
- 11 Concesión/denegación de fraccionamento de débeda
- 1 Remisión de expediente a Xulgado do Cont. Adtvo nº 2 de Pontevedra.
- 1 Autorización celebración de bailes e verbenas populares ao aire libre
- 1 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde obras “Renovación barandillas no entorno de Vista Alegre 2ª Fase”.

TOTAL: 147

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190627&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

3. TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE: MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E COMPETENCIAS, DELEGACIÓNS CONFERIDAS POLA ALCALDÍA E NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE. Dáse conta das Resolucións da Alcaldía seguintes:

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA (19 de xuño de 2019)

XUNTA DE GOBERNO LOCAL (composición, competencias e réxime de sesións)

Conforme ao disposto no artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, os municipios con máis de cinco mil habitantes contarán como órgano necesario con Xunta de Goberno Local.

Dito órgano intégrase polo Alcalde e un número de concelleiros non superior a un terzo do número legal (actualmente 7), sendo nomeados e separados libremente pola Alcaldía, correspondéndolle a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas funcións, así como as

atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle delegue, e lle puideran atribuír directamente as leis (artigo 23 da lei 7/1985, e 52 e 53 do RD.2568/1986). As atribucións que se deleguen na Xunta de Goberno Local exerceranse de conformidade co previsto nos artigos 114 a 118 do RD.2568/1986.

Vistas as atribucións que corresponden á Alcaldía segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, así como os concordantes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o RD.781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, en tanto non foran afectados polas modificacións efectuadas na Lei 7/1985, e demais normativa básica vixente, considerando unicamente aquelas atribucións e facultades delegables, esta Alcaldía no exercicio da competencia que lle outorga o artigo 44 do RD.2568/1986, RESOLVE:

Primeiro: Xunto o Alcalde-Presidente, integran a Xunta de Goberno local os seguintes 7 concelleiros:

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

D. JOSÉ MARIA GONZÁLEZ ARAUJO

DONA MATILDE LAYA LORENZO

Segundo: A Xunta de Goberno Local celebrará Sesión ordinaria os luns (ou día hábil seguinte, de ser festivo) as 10:00 horas, en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda convocatoria.

Así mesmo poderá celebrar sesión extraordinaria cando así o considere o Alcalde-Presidente.

Terceiro: Efectuar as seguintes DELEGACIÓNS na xunta de goberno local:

A) EN MATERIA CONTRACTUAL E DE BENS:

1.- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos, cando sexa competente o Alcalde para a súa contratación ou concesión.

2. A adxudicación de contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

3. A celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da LCSP, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

4.- Todas aquelas modificacións contractuais, suspensión, extinción e cesión dos contratos, referidas ás adxudicacións a que se refiren os apartados anteriores.

5.- Resolución e interpretación de contratos a que se refiren os apartados anteriores.

B) EN MATERIA DE LICENZAS:

1.- A resolución das peticións relativas a concesión e aluguer de nichos e terreos para unidades de enterramento nos cemiterios municipais, así como transmisión da concesión intervivos e mortis causa.

2.- Autorización de instalacións varias en vía ou terreos públicos municipais (como por exemplo: quioscos, circos, postos de feira, postos de venda ocasional, atraccións, espectáculos públicos, actividades recreativas, atraccións de feiras, etc.).

3.- A resolución dos expedientes relativos a concesión das seguintes licencias: autotaxis e demais vehículos de aluguer, así como o permiso de condutor, cambios de vehículo. Declaración da suspensión ou caducidade das licenzas de autotaxi e réxime sancionador e transmisións de titularidade das licenzas de autotaxi.

C) EN MATERIA ECONÓMICO FINANCIERA:

1.- O desenvolvemento de xestión económica de acordo co orzamento aprobado, e dispoñer gastos dentro dos límites de competencia da Alcaldía.

2.- Os actos de autorización, disposición e recoñecemento de obrigas que sexan competencia da Alcaldía, agás nos seguintes supostos: nóminas de persoal, seguridade social, IRPF e intereses, comisións bancarias e amortización de préstamos, nos que a autorización e disposición dos gastos e o recoñecemento e liquidación das obrigas será competencia da Alcaldía calquera que sexa a súa contía.

3.- Aprobación e concesión de subvencións, así como o recoñecemento de obriga á vista das xustificacións presentadas, incluídas as axudas de emerxencia social.

4.- Solicitud e aceptación de subvencións outorgadas ó Concello, agás os supostos nos que se esixa a solicitude e/ou aceptación por algún órgano municipal específico, así como a aprobación dos convenios de colaboración.

5.- Aprobación de pagamentos coa modalidade de “a xustificar” de conformidade coa normativa aplicable. Aprobación, no seu caso, das contas xustificativas presentadas.

6.- Constitución de anticipos de caixa fixa. Aprobación, no seu caso, das contas xustificativas presentadas; aprobación da reposición de fondos ou cancelación do anticipo.

7.- Aprobación de certificacións de obra, endoso, liquidacións e outros.

D) EN MATERIA DE RENDAS, RECADACIÓN E TESOURERÍA:

1.- Acordos relativos a cancelación de avais ou devolución de avais ou fianzas constituídas ou ingresadas a favor do Concello.

2.- Aprobación de padróns e matrículas de tributos municipais.

3.- Concesión de beneficios fiscais (exencións, bonificacións,...).

4- Revisión de actos ditados en vía de xestión tributaria de oficio, ou a instancia de parte, que sexan competencia da Alcaldía.

5.- Aprobación da Conta de Recadación.

E) EN MATERIA DE PERSOAL:

1.- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobado polo Pleno.

2.- Aprobación das bases das probas para selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, agás persoal laboral temporal.

3. – Acordar a contratación e inicio do expediente de selección de persoal temporal e interino.

4.- Outorgar as axudas que corresponde ao persoal conforme ao acordo marco e convenio colectivo vixente. Concesión de anticipos ó persoal.

5.- Aprobar o recoñecemento de trienios ao persoal, así como os servizos previos.

6.- Aprobación e recoñecemento de obriga polas gratificacións por traballos realizados fora da xornada laboral do persoal funcionario e horas extraordinarias do persoal laboral.

7.- Autorizar a asistencia a cursos, xornadas, compensación horaria, etc.

8.- Execución de sentenzas xudiciais.

9.- Resolución de reclamacións e peticións formuladas polo persoal municipal en materia de recursos humanos, cando así o considere a Alcaldía.

F) EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS:

1.- A concesión de tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade.

2.- Altas e baixas no servizo de axuda no fogar de libre concorrencia ou básica, e no de teleasistencia domiciliaria

- 3.- Concesión de axudas do programa de inserción social.
- 4.- Procedemento de adxudicación de prazas na Escola Infantil e bonificacións económicas ás familias.
- 5.- Resolución das solicitudes declarando a admisión ou exclusión nas prazas na Escola Infantil, outros programas que se desenvolvan en materia de servizos sociais (conciliatardes, proxectos de intervención social, etc.).

G) EN MATERIA DE SUBVENCIONES:

- 1.- Aprobación de convenios con organismos públicos, asociacións, etc.
- 2.- Solicitud de axudas e subvencións á Deputación Provincial, Xunta de Galicia e Administración do Estado.
- 3.- Aprobar as bases de axudas e subvencións municipais a estudantes, familias, AA.VV e Culturais, Empresas, ANPAS, etc.

H) EN MATERIA DE MERCADOS.

- 1.- Autorización de novos postos e traspaso de postos do mercado semanal e da praza de abastos
- 2.- Suspensión do exercizo de licenzas do mercado semanal e praza de abastos.
- 3.- Autorización da modificación de días de apertura da praza de abastos e mercado semanal.
- 4.- Altas e baixas nos postos do mercado semanal e postos no exterior da praza de abastos.

I) EN MATERIA DE USO DE INSTALACIONES MUNICIPALES E OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA:

- 1.- Autorización de uso de vías públicas, locais municipais e instalacións culturais municipais.
- 2.- Aprobación da colaboración municipal coa cesión de medios municipais ás AA.VV., Culturais e outras entidades sen ánimo de lucro.
- 3.- Determinación de sinalización informativa ou prohibicións en materia de tráfico e circulación con carácter permanente, así como cortes ou cambios na circulación puntuais debido a celebración de probas, actos e demais actividades agás no caso de inmediatez das mesmas previo informe da policía, e demais temas previstos na Ordenanza Municipal de Circulación que veña atribuída a súa competencia á Xunta de Goberno Local.
- 4.- Propostas da Policía Local relativas a sinalización horizontal e vertical, temas de circulación, aparcamento, etc.

J) EN MATERIA DE IGUALDADE, PERSOAS MAIORES E COLECTIVO LGTBIQ+:

- 1.- Aprobación da programación de accións e actividades en materia de igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero e as relativas ao colectivo LGTBIQ+.
- 2.- Concesión de tarxetas de bono-bus municipal a persoas maiores e programación de actividades específicas para o colectivo.

K) EN MATERIA DE CULTURA E FESTEXOS:

- 1.- Aprobación da programación de festas, concertos, actividades culturais nas instalacións municipais e ao aire libre.
- 2.- Aprobación das bases dos concursos dos maios, entroido, etc.
- 3.- Aprobación da programación da Sala de Exposicións Rivas Briones.

L) EN MATERIA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA:

- 1.- Adoptar medidas en materia de administración electrónica, coa finalidade de cumprir coas disposicións legais vixentes.
- 2.- Aprobar propostas relativas á ampliación de servizos administrativos a través da sede electrónica municipal.
- 3.- Xeneralizar o uso de sinatura electrónica no persoal municipal.
- 4.- Implementar a dixitalización da totalidade de expedientes administrativos coa finalidade de acadar unha xestión de expedientes municipais dun modo telemático.
- 5.- Colaborar coas entidades sen ánimo de lucro do termo municipal, na dotación de medios ou axudas coa finalidade de que se relacionen electronicamente co Concello na totalidade dos

trámites.

NOOUTRAS MATERIAS:

- 1.- Resolución de expedientes de responsabilidade patrimonial incoados contra o Concello.
- 2.- Resolución dos recursos de reposición interpostos contra os acordos de Xunta de Goberno Local.

Cuarto: A Xunta de Goberno Local reunirase, previa convocatoria do Alcalde, para a celebración da sesión constitutiva nos dez días seguintes a presente resolución. Na mesma sesión deberase aceptar por dito órgano a delegación das atribucións aquí efectuadas.

Quinto: O Alcalde, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas por esta resolución, sen prexuízo de poder avogar en calquera momento as competencias delegadas con arranxo á lexislación vixente sobre procedemento administrativo común.

Sexto: A presente resolución goza de efectividade dende o día seguinte a súa data, sen prexuízo da súa publicación no BOP e na sede electrónica municipal: <http://sede.vilagarcia.gal>, e da dación de conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

Sétimo: Notifíquese a presente resolución aos concelleiros membros da Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento e efectos.

Vilagarcia de Arousa, a 19 de xuño de 2019

O Alcalde - Presidente

Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

Ante min, a Secretaria

Rosa Losada Suárez

Sinatura dixitalizada

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (19 de xuño de 2019)

(Atribución de delegacións xenéricas a favor dos/ás Concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local)

Os/as Concelleiros/as delegados/as constitúen un órgano de goberno complementario da organización, sinalando o artigo 43 (e seguintes) do ROF os termos das delegacións ao distinguir entre delegacións xenéricas e especiais. É dicir, por un lado o Alcalde pode efectuar decreto de delegacións xenéricas de unha ou varias áreas a favor dos membros da Xunta de Goberno Local, e por outro lado, o Alcalde, tamén por decreto, pode efectuar delegacións especiais en calquera concelleiro/a para a dirección e xestión dos servizos correspondentes. As delegacións xenéricas se refiren a unha ou varias áreas ou materias determinadas e poden abarcar tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a da súa xestión en xeral.

Vistos os artigos 21 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime Local, artigo 61.3 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, artigos 43 a 35 e 114 a 118 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía, en exercicio das atribucións que lle confiren os citados artigos:

DECRETA:

Primeiro: Efectuar as delegacións xenéricas a favor dos membros da Xunta de Goberno Local, sendo a súa denominación, e o/a concelleiro/a de goberno responsable da área e o ámbito funcional o seguinte:

1) DELEGACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E PERSOAS MAIORES

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN, que comprende o seguinte ámbito:

1. Servizos Sociais.
2. Política de igualdade, violencia de xénero e temas vinculados ao colectivo LGTBIQ+
3. Persoas Maiores.
4. Supervisión do funcionamento da Escola Infantil de Vilagarcía e Arousa e coordinación coas Escolas Infantís de O Carril e Vilaxoán.
5. Coordinación dos servizos relacionados coa infancia: (Educación Social)

6. Axuda no fogar
7. Servizo Conciliatardes.

2) DELEGACIÓN DE EDUCACIÓN E DEPORTES:

D ARGIMIRO SERÉN MERA, que comprende o seguinte ámbito:

1. Fomento, promoción, xestión e desenvolvemento da actividade física, práctica deportiva e instalacións deportivas.
2. A Presidencia da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.
3. Os asuntos relacionados cos temas educativos, que inclúe o mantemento e conservación dos centros públicos docentes (CEIPs).
4. Supervisión do funcionamento do Conservatorio e da Escola Municipal de Música.
5. Bibliotecas Municipais.
6. Servizo de limpeza de Colexios, Instalacións Deportivas e Outros.

3) DELEGACIÓN DE OBRAS, ALUMEADO PÚBLICO E RELACIÓNS VECIÑAIS:

D LINO MOURIÑO SANTIAGO, que comprende o seguinte ámbito:

1. Interlocutor municipal coas asociacións veciñais e comunidades de montes.
2. Atención ás queixas e necesidades formuladas polos veciños das zonas rurais e urbanas do Concello relacionadas coa Delegación.
3. Rede de sumidoiros.
4. Servizos Municipal de Obras.
5. Iluminación pública.
6. Vías públicas.
7. Xestión de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria, abastecemento de auga potable e depuración.
8. Mantemento dos espazos públicos urbanos e rurais.
1. Cemiterios

4) DELEGACIÓN DE MEDIO AMBIENTE, PARQUES, XARDÍNS E PRAIAS.

D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO, que comprende o seguinte ámbito:

1. Parques, Xardíns, praias e Medio Ambiente.
2. Seguemento en materia de vertedoiros incontrolados.
3. Supervisión e control de sanidade ambiental (verquidos augas residuais, analíticas auga consumo, calidade augas praias, ríos etc)

5) DELEGACIÓN DE ECONOMÍA E FACENDA:

DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ, que comprende o seguinte ámbito:

1. Orzamentos e gasto público.
2. Ingresos de dereito privado e de dereito público, propostas sobre ordenanzas fiscais.
3. Recadación en período voluntario e executivo, incluíndo a inspección tributaria.

6) DELEGACIÓN DE POLICÍA LOCAL, SEGURIDADE CIDADÁ E EMERXENCIAS:

D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO, que comprende o seguinte ámbito:

1. Propostas de sinalización informativa e prohibicións en materia de tráfico e circulación con carácter temporal.
2. Cortes ou cambios de circulación puntuais debido á celebración de probas.
3. Coordinación e supervisión do Servizo de Policía Local, Protección Civil e Emerxencias.
4. Medidas de prevención de incendios.

7) DELEGACIÓN DE SANIDADE, CONSUMO E BENESTAR ANIMAL.

DONA MATILDE LAYA LORENZO, que comprende o seguinte ámbito:

1. Servizo de drogodependencias e unidade de día.
2. Supervisión do Servizo de OMIC
3. Policía en materia de tenencia de animais potencialmente perigosos e as cuestións relativas á canceira municipal.

Segundo: O Alcalde, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas por esta resolución, sen prexuízo de poder avogar en calquera momento as competencias delegadas con arranxo á lexislación vixente sobre procedemento administrativo común.

Terceiro: Os/as concelleiros/as mencionados/as neste Decreto non poderán delegar nun terceiro as atribucións que lle conferiu a Alcaldía.

Cuarto: Os/as concelleiros/as con delegación da Alcaldía deberán informar previamente ó Alcalde da adopción de decisións de transcendencia.

Quinto: As precedentes delegacións deberán ser aceptadas por parte dos/as concelleiros/as, entendéndose aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles non fai expresa manifestación rexeitando a delegación.

Sexto: Notifíquese a presente resolución, persoalmente, ós/as señores/as concelleiros/as, déase conta da mesma ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal: <http://sede.vilagarcia.gal>, todo elo sen prexuízo da súa efectividade dende a súa aceptación.

Vilagarcía de Arousa, a 19 de xuño de 2019.

O Alcalde-Presidente,
Alberto Varela Paz
Sinatura dixitalizada

Ante min A Secretaria,
Rosa Losada Suárez
Sinatura dixitalizada

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (19 de xuño de 2019)

(Atribucións de delegacións especiais para a dirección e xestión de determinados Servizos a favor dos/as Concelleiros/as que non forman parte da Xunta de Goberno Local)

Os/as Concelleiros/as delegados/as constitúen un órgano de goberno complementario da organización, sinalando o artigo 43 (e seguintes) do ROF os termos das delegacións ao distinguir entre delegacións xenéricas e especiais. É dicir, por un lado o Alcalde pode efectuar decreto de delegacións xenéricas de unha ou varias áreas a favor dos membros da Xunta de Goberno Local, e por outro lado, o Alcalde, tamén por decreto, pode efectuar delegacións especiais en calquera concelleiro/a para a dirección e xestión dos servizos correspondentes. As delegacións xenéricas se refiren a unha ou varias áreas ou materias determinadas e poden abarcar tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a da súa xestión en xeral.

Vistos os artigos 21 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime Local, artigo 61.3 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, artigos 43 a 35 e 114 a 118 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía, en exercicio das atribucións que lle confiren os citados artigos:

DECRETA:

Primeiro: Efectuar as delegacións especiais a favor dos dos/as Concelleiros/as que non forman parte da Xunta de Goberno Local, sendo a súa denominación, o/a concelleiro/a responsable do servizo e o ámbito funcional o seguinte:

1) DELEGACIÓN DE URBANISMO, MOBILIDADE E XESTIÓN DOS FONDOS EUROPEOS (FEDER):

DONA PAOLA MARÍA MOCHALES, que comprende o seguinte ámbito:

1. Supervisión do funcionamento e das competencias da Xerencia Municipal de Urbanismo.
2. Coordinación dos traballos de revisión do PXOM.

3. Preparación das propostas en materia urbanística.
4. Supervisión das obras adxudicadas polo Concello encomendadas a empresas contratistas externas.
5. Propostas relativas á contratación de proxectos técnicos e execución de obras.
6. Obras relacionadas con temas de mobilidade, peonalización, transporte, etc.
7. Xestión da Estratexia DUSI “Vilagarcía Avanza” e proposta de futuras solicitudes de axudas a Fondos Europeos.
8. Accesibilidade.

2) DELEGACIÓN DE CULTURA, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PERSOAL.

DONA SONIA OUTÓN CASAL, que comprende o seguinte ámbito:

1. Iniciativa, programación e xestión de actividades culturais e festas.
 2. Normalización lingüística.
 3. Coordinación e supervisión do servizo de cultura.
 4. Intervencións culturais.
 5. Proposta de uso das instalacións culturais a entidades e particulares.
 6. Coordinación e supervisión do servizo de cultura e funcionamento do Auditorio, Sala de Exposicións Rivas Briones, Salón García, Praza da Peixería e Centros Culturais de titularidade municipal.
 7. Os recursos humanos do Concello, o que conlevará as directrices en materia de persoal, participar en negociacións sindicais e temas en materia de réxime interior.
 8. Concesión de vacacións e permisos aos empregados municipais.
1. Prevención de riscos laborais.

3) DELEGACIÓN DE TURISMO, NOVAS TECNOLOXÍAS E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

D. ALVARO CAROU GARCÍA, que comprende o seguinte ámbito:

1. Turismo.
2. Interlocutor coas asociacións representativas da hostalería.
3. Promoción da hostalería municipal a través de actividades que contribúan a incrementar o turismo na cidade.
4. Informática, telecomunicacións e novas tecnoloxías.
5. Administración electrónica.

4) DELEGACIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO e XUVENTUDE.

DONA ALBA BRIONES GAMARRA, que comprende o seguinte ámbito:

1. Emprego e Formación, incluíndo os centros destinados a estas áreas (Escola Obradoiro, Centro de Formación de Matosinhos...).
 2. Promoción do Comercio local
 3. Interlocutor coas asociacións representativas do comercio local e autónomos.
 4. Mellora, mantemento e conservación dos mercados municipais e funcionamento do mercado semanal de venda ambulante, así como a promoción da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa.
 5. Coordinación e supervisión do servizo municipal de Xuventude.
 6. Fomento e coordinación de actividades lúdicas promovidas por outras administracións ou entidades públicas dirixidas á xuventude.
 7. Voluntariado
 8. Xestión de Locais de Ensaio.
1. Organización de eventos lúdicos singulares tales como as Festas de Nadal e outros.
 10. Xestión de actividades no recinto de FEXDEGA coa excepción das deportivas.

Segundo: O Alcalde, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas por esta resolución, sen prexuízo de poder avogar en calquera momento as competencias delegadas con arranxo á lexislación vixente sobre procedemento administrativo común.

Terceiro: Os/as concelleiros/as mencionados neste Decreto non poderán delegar nun terceiro as atribucións que lle conferiu a Alcaldía.

Cuarto: Os/as concelleiros/as con delegación da Alcaldía deberán informar previamente ó Alcalde da adopción de decisións de transcendencia.

Quinto: As precedentes delegacións deberán ser aceptadas por parte dos/as concelleiros/as, entendéndose aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles non fai expresa manifestación rexeitando a delegación.

Sexto: Notifíquese a presente resolución, persoalmente, ós/as señores/as concelleiros/as, déase conta da mesma ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal: <http://sede.vilagarcia.gal>, todo elo sen prexuízo da súa efectividade dende a súa aceptación.

Vilagarcía de Arousa, a 19 de xuño de 2019

O Alcalde-Presidente,
Alberto Varela Paz
Sinatura dixitalizada

Ante min A Secretaria,
Rosa Losada Suárez
Sinatura dixitalizada

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (19 de xuño de 2019) (TENENTES DE ALCALDE)

De conformidade co disposto no artigo 23. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 46-1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais do 28 de novembro de 1986, e 62 e 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, aos tenentes de alcalde, como tales, correspóndelles substituír á Alcaldía e pola orde do seu nomeamento, nos casos de vacante, ausencia, enfermidade sendo libremente designados e removidos polo Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Constituída a Xunta de Goberno Local e sendo precisa a designación de Tenentes de Alcalde de entre os seus compoñentes, segundo establece o artigo 21.2 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local 7/1985, RESOLVO:

Primeiro: Nomear Tenente de Alcalde ós/as Concelleiros/as:

1º Tenente de Alcalde: Dona Tania García Sanmartín

2º Tenente de Alcalde: D. Argimiro Serén Mera

Segundo: Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose ademais, persoalmente ós/as designados/as, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal: <http://sede.vilagarcia.gal>, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da presente resolución.

Así o acorda e dispón o Sr. Alcalde, ante min a Secretaria que dou fe.

Vilagarcía de Arousa, 19 de xuño de 2019.

O Alcalde-Presidente
Alberto Varela Paz
Sinatura dixitalizada

Ante min, a Secretaria
Rosa Losada Suárez
Sinatura dixitalizada

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (19 de xuño de 2019)

Sr. Alcalde-Presidente

D. ALBERTO VARELA PAZ

Os/as Concelleiros/as delegados/as constitúen un órgano de goberno complementario da organización, sinalando o artigo 43 (e seguintes) do ROF os termos das delegacións ao distinguir

entre delegacións xenéricas e especiais. É dicir, por un lado o Alcalde pode efectuar dexepto de delegacións xenéricas de unha ou varias áreas a favor dos membros da Xunta de Goberno Local, e por outro lado, o Alcalde, tamén por Decreto, pode efectuar delegacións especiais en calquera concelleiro/a para a dirección e xestión dos servizos correspondentes. As delegacións xenéricas se refiren a unha ou varias áreas ou materias determinadas e poden abarcar tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a da súa xestión en xeral.

Vistos os artigos 21 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, artigo 61.3 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, artigos 43 e 35 e 114 a 118 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía:

Tendo en conta o elevado número de documentos administrativos que se someten diariamente a sinatura desta Alcaldía e dado que moitos deses documentos precisan ser asinados de inmediato e teñen na súa grande maioría un carácter reiterativo veño en resolver o seguinte:

Delegar a sinatura desta Alcaldía na seguinte Concelleira:

Dona Luz María Abalo Pérez, Concelleira Delegada da Área de Economía e Facenda, nos temas relativos a:

1. Asuntos derivados da xestión catastral que realiza o Concello.
2. As comunicación de trámite derivadas do Plan de inspección de tributos municipais.

O presente Decreto entrará en vigor o día da súa firma, debendo publicarse no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal: <http://sede.vilagarcia.gal>.

Así o acorda e dispón o Sr. Alcalde-Presidente, o día 19 de xuño de 2019, ante min a Secretaria que certifico.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA (19 de xuño de 2019)

ANTECEDENTES

Segundo resolución definitiva de data 12 de decembro de 2016 (BOE 14/12/2016) da Secretaría de Estado de Presupostos y Gastos, seleccionouse e concedeuse axuda á Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) presentada polo Concello de Vilagarcía de Arousa denominado EDUSI “Vilagarcía Avanza” e que será cofinanciada a través do Programa Operativo de Crecimento Sostible FEDER 2014-2020.

Ademais, o Concello de Vilagarcía de Arousa como Entidade Beneficiaria e como Organismo Intermedio do FEDER para a selección de operacións, con data 16 de decembro de 2016 suscribe Acordo de Compromiso en materia de asunción de funcións para a Xestión FEDER do Concello de Vilagarcía de Arousa, Anexo VII do Manual de Procedimento Vilagarcía Avanza.

Con data 02 de outubro de 2017 infórmase, pola Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas i Entes Locais como Organismo Intermedio de Xestión, da avaliación favorable da nova versión do Manual de Procedimentos da EDUSI “Vilagarcía Avanza” propostos polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

Así, no punto 2.2. Organización e funcionamento da entidade DUSI do Manual de Procedimento aprobado, aparece definida a composición e función de cada comité, unidade e responsable da EDUSI Vilagarcía Avanza.

Vistos os antecedentes e de conformidade co artigo 43 e seguintes do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e o Réxime Xurídico das Entidades Locais esta Alcaldía-Presidentencia, no uso das facultades que lle confiere a lexislación vixente,

DECRETA:

Primeiro: Efectuar as delegacións especiais relativas, á Estratexia DUSI “Vilagarcía Avanza” do Programa Operativo de Crecimento Sostible FEDER 2014-2020 no marco do Manual de

Procedimento, nas seguintes unidades e a favor do persoal do Concello de Vilagarcía de Arousa nomeado a continuación:

1. COMITÉ DE DIRECCIÓN:

1. Presidente: Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa, D. Alberto Varela Paz.
2. Vicepresidenta: Concelleira de Urbanismo e Mobilidade, Dna. Paola María Mochales.
3. Concelleira de Economía e Facenda, Dna. Luz María Abalo Pérez.

2. COMITÉ DE SEGUIMIENTO:

1. Presidenta: Concelleira de Urbanismo e Mobilidade, Dna. Paola María Mochales.
2. Responsable Unidade Seguimento EDUSI: A Xestora-Coordinadora EDUSI da Área de Urbanismo, Dna. Susana González Torres.
3. Responsable do Obxectivo Temático OT2 “Mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información da comunicación e o acceso ás mesmas”: Concelleiro de Obras e Relacións Veciñais, D. Lino Mouriño Santiago.
4. Responsable do Obxectivo Temático OT4 “Favorecer o paso a una economía baixa en carbono en todos os sectores”: Concelleira de Urbanismo e Mobilidade, Dna. Paola María Mochales.
5. Responsable do Obxectivo Temático OT6 “Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos” a favor do Concelleiro de Obras e Relacións Veciñais, D. Lino Mouriño Santiago.
6. Responsable do Obxectivo Temático OT9 “Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calqueira outra forma de discriminación” a favor da Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Persoas Maiores, Dna. Tania García Sanmartín.
7. Xefa do Departamento de Contratación, Dna. María del Rosario González Pacios.
8. Delegación da Intervención Xeral. Xefa sección do Departamento de Intervención Xera. Técnica de Administración Financeira, Dna. Rosa María Otero Piñeiro.

3. UNIDADE DE XESTIÓN:

1. Concelleira de Economía e Facenda, Dna. Luz María Abalo Pérez.
2. Interventora Xeral, Dna. Trinidad Gómez Reiriz.
3. Técnica superior do Departamento de Intervención Xeral. Xefa sección do Departamento de Intervención Xeral. Técnica de Administración Financeira, Dna. Rosa María Otero Piñeiro.
4. En caso de situacións nas que se deba substituír ao persoal desta unidade, a política de reemprazo será a seguinte:
 1. Reemprazo da Titular Concelleira Delegada de Economía e Facenda,: Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa, D. Alberto Varela Paz.
 2. Reemprazo da Interventora Xeral: Tesoreira, Dna. María do Carmen Castro Louzao.
 3. Reemprazo da Técnica Superior do departamento de Intervención Xeral: Interventora Xeral, Dna. Trinidad Gómez Reiriz.

4. DIRECTORA EDUSI:

1. Concelleira de Urbanismo e Mobilidade. Directora EDUSI, Dña. Paola María Mochales.
2. En caso de situación na que se deba substituír á directora EDUSI, a política de reemprazo marca que será o Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa, D. Alberto Varela Paz, quen a substitúa.

5. UNIDADE DE SEGUIMIENTO E COORDINACIÓN:

1. Responsable: Xestora-coordinadora EDUSI da Área de Urbanismo, Dna. Susana González Torres.
2. Xefe de Prensa: Técnico de Comunicacóns, Publicacións e Arquivos, D. Manuel Villaronga García.

6. RESPONSABLES OBXECTIVOS TEMÁTICOS:

1. Responsable do Obxectivo Temático OT2 “Mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información da comunicación e o acceso ás mesmas”: Concelleiro Obras e Relacións Veciñais, D. Lino Mouriño Santiago.
2. Responsable do Obxectivo Temático OT4 “Favorecer o paso a una economía baixa en carbono en todos os sectores”: Concelleira de Urbanismo e Mobilidade, Dna. Paola María Mochales.
3. Responsable do Obxectivo Temático OT6 “Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos” a favor do Concelleiro de Obras e Relacións Veciñais, D. Lino Mouriño Santiago.
4. Responsable do Obxectivo Temático OT9 “Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación” a favor da Concelleira de Servizos sociais, Igualdade e Persoas Maiores, Dna. Tania García Sanmartín.

Segundo: A presente delegación especial efectuada a favor dos/as Concelleiros/as citados que se citan no presente Decreto, conleva a facultade de emitir actos que afecten a terceiros, durante o tempo de execución da Estratexia DUSI “Vilagarcía Avanza”, sempre e cando non afecte a competencias que están delegadas na Xunta de Goberno Local.

Terceiro: O Alcalde, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas por esta resolución, sen prexuízo de poder avogar en calquera momento as competencias delegadas con arranxo á lexislación vixente sobre procedemento administrativo común.

Carto: As precedentes delegacións deberán ser aceptadas por parte do persoal, entendéndose aceptada tácitamente si no prazo de tres días hábiles no se fai expresa manifestación renunciando á delegación.

Quinto: Notifíquese a presente resolución, ao persoal a favor do cal se efectuaron as delegacións especiais relativas á Estratexia DUSI “Vilagarcía Avanza”

Vilagarcía de Arousa, a 19 de xuño de 2019.

O Alcalde-Presidente

A Secretaria Xeral

Alberto Varela Paz

Rosa Losada Suárez

Sinatura dixitalizada

Sinatura dixitalizada

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (19 de xuño de 2019)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

O Código Civil, no seu art. 51.1 contempla a posibilidade de celebrar matrimonios civís, autorizándose estes polo Alcalde do municipio no que se celebre ou polo/a concelleiro/a en quen este delegue.

Coa finalidade de incluír entre o conxunto dos cometidos propios que conleva o exercicio do cargo de Concelleiro/a preveuse delegar esta autorización entre todos eles con carácter xeral.

De acordo co exposto e de conformidade co establecido nos artigos 43 (e seguintes) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais que sinalan os termos das delegacións da Alcaldía, ao distinguir entre delegacións xenéricas e especiais, RESOLVE:

PRIMEIRO: A competencia que o artigo 51 do Código Civil atribúe ao Alcalde para autorizar matrimonios civís na forma que o propio Código establece, queda delegada nos/as

Concelleiros/as do Concello de Vilagarcía de Arousa que a exercerán de conformidade coas súas disponibilidades.

SEGUNDO: Os matrimonios civís celebraranse con carácter xeral no Salón Nobre da Casa do Concello, nas datas e horarios que se establezan. Excepcionalmente se autoriza aos/ás Concelleiros/as a celebrar matrimonios civís fóra da Casa do Concello.

TERCEIRO: Para efectuar a reserva da data de celebración do matrimonio civil se requirirá que os contraentes dispoñan da documentación legalmente esixida e o certificado emitido para elo polo Rexistro Civil.

CUARTO: O presente Decreto entrará en vigor o día da súa firma, debendo inscribirse no Libro de Decretos da Alcaldía e publicarse no Boletín Oficial da Provincia, e na sede electrónica municipal: <http://sede.vilagarcia.gal>.

En Vilagarcía de Arousa, a 19 de xuño de 2019.

O ALCALDE-PRESIDENTE

D. Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

A SECRETARIA,

Dona Rosa M^a Losada Suárez

Sinatura dixitalizada

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190627&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Conforme ó preceptuado no artigo 24 e 25 do RD.2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da corporacións locais, presentáronse escritos de constitución dos seguintes grupos, asinados por todos os membros que os integran, así como a designación de voceiros.

GRUPO POLÍTICO NÚMERO DE MEMBROS	VOCEIRO/A SUPLENTE DO VOCEIRO/A
PSdeG-PSOE 12 Membros	Dona Tania García Sanmartín Suplente: D. Lino Mouríño Santiago.
PP 5 Membros	D. Alfonso Ramón González Gallego Suplente: D. Miguel Ángel García Miguéns
Bloque Nacionalista Galego - BNG 1 Membro	Dona Lucía Cesar Veloso
Vilagarcía en Común 1 Membro	D. Jesús López Rodríguez
Marea da Vila 1 Membro	Dona María de la O Fernández González
Ciudadanos - C's	D. David Higinio Oliveira Barreiro

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190627&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PERIODICIDADE DE SESIÓNS DO PLENO DA

CORPORACIÓN MUNICIPAL.- Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Periodicidade das sesións do Pleno

O Artigo 38 do ROF establece que dentro dos trinta días hábiles (segundo o Art. 48 da LRXAP) seguintes ao da sesión constitutiva, o Alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, a fin de resolver, entre outros asuntos sobre a periodicidade das sesións do Pleno.

Por outra banda o réxime de sesións do Pleno establécese no Artigo 46 da LBRL, así mesmo o artigo 4 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa distingue tres tipos de sesións (ordinarias, extraordinarias e extraordinarias urxentes), sinalando que o Pleno realizará sesións ordinarias, con carácter mensual e ao inicio do mandato estableceranse as datas e horario concretos. Tamén establece o citado Regulamento Municipal que a Alcaldía, por propia iniciativa ou a petición da Xunta de Voceiros poderá variar por circunstancias excepcionais e xustificadas o día de celebración dalgunha sesión ordinaria, apartándose o menos posible do acordado polo Pleno, comunicándoo aos interesados e publicándoo no taboleiro de anuncios coa maior antelación posible.

Así mesmo dende o día 25 de maio de 2017 as sesións plenarias son gravadas (imaxe e son) polo sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <https://sede.vilagarcia.gal>.

Tendo en conta que o Concello de Vilagarcía de Arousa conta con mais de 20.000 habitantes e que as sesións ordinarias dos Plenos, deben celebrarse como mínimo, unha vez cada mes veño en propoñer ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO:

O Pleno da Corporación Municipal celebrará sesión ordinaria o último xoves de cada mes, ás dezasete horas, no suposto de ser este festivo, celebrarase a sesión plenaria ordinaria o día hábil anterior.

Por outra banda, a semana anterior á sesión do Pleno Ordinario poderá celebrarse **Xunta de Voceiros** coa finalidade de examinar os asuntos a incluír na Orde do Día da devandita sesión.

Non obstante, o Pleno da Corporación adoptará o acordo que estime conveniente.

Vilagarcía de Arousa, 24 de xuño de 2019.

O ALCALDE,

Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezanove votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdG-PSOE (12), PP (5), BNG (1) e Ciudadanos (1), e dúas abstencións dos membros pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común (1) e Marea da Vila (1),

ACÓRDASE: Adoptar o seguinte acordo:

O Pleno da Corporación Municipal celebrará sesión ordinaria o último xoves de cada mes, ás dezasete horas, no suposto de ser este festivo, celebrarase a sesión plenaria ordinaria o día hábil anterior.

Por outra banda, a semana anterior á sesión do Pleno Ordinario poderá celebrarse **Xunta de Voceiros** coa finalidade de examinar os asuntos a incluír na Orde do Día da devandita sesión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190627&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.- Dáse conta da Proposta da Alcaldía do teor seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES

As comisións informativas son órganos sen atribucións resolutorias, e teñen por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que se sometan a decisión do Pleno.

En canto á súa composición, o artigo 20.1 c) da LBRL sinala que “todos os grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar nestes órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos en proporción ao número de concelleiros que teñan no Pleno”.

Polo demais, segundo o artigo 125 do ROF:

- No acordo de creación das comisións informativas se determinará a composición concreta das mesmas, tendo en conta as seguintes regras:

a) O Alcalde ou Presidente da Corporación, é o Presidente nato de todas elas, sen embargo, a Presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta d apropiada Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

b) Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.

c) A adscrición concreta a cada Comisión dos Membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, se realizará mediante escrito do voceiro do mesmo dirixido ao Alcalde ou Presidente, e do que se dará conta ao Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente por cada titular”.

Tendo en conta o anterior, veño en propoñer ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO:

1) A creación das seguintes Comisións Informativas Permanentes que terán por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, e o seu número e determinación se corresponde coas áreas de xestión en que se organiza o Goberno Local:

- Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas.
- Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade.
- Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade.
- Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica.

2) Cada Comisión estará integrada mediante a presenza dos corporativos pertencentes aos grupos políticos en proporción ao número de concelleiros que teñen na Corporación, é dicir:

- Grupo Político do PSdeG-PSOE: 8 concelleiros.
- Grupo Político do PP: 3 concelleiros.
- Grupo Político de BNG: 1 concelleiro.
- Grupo Político Vilagarcía en Común: 1 concelleiro
- Grupo Político Marea da Vila: 1 concelleiro
- Grupo Político Ciudadanos: 1 concelleiro.

3) Os grupos políticos municipais deberán designar os seus representantes nas Comisións Informativas citadas.

Non obstante, o Pleno da Corporación adoptará o acordo que estime conveniente.

Vilagarcía de Arousa, 24 de xuño de 2019.

O ALCALDE,
Alberto Varela Paz
Sinatura dixitalizada

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezanove votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdG-PSOE (12), PP (5), BNG (1) e Ciudadanos (1), e dúas abstencións dos membros pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común (1) e Marea da Vila (1),

ACÓRDASE: Por maioría a adopción do seguinte acordo:

1) A creación das seguintes Comisións Informativas Permanentes que terán por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, e o seu número e determinación se corresponde coas áreas de xestión en que se organiza o Goberno Local:

- Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas.
- Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade.
- Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade.
- Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica.

2) Cada Comisión estará integrada mediante a presenza dos corporativos pertencentes aos grupos políticos en proporción ao número de concelleiros que teñen na Corporación, é dicir:

- Grupo Político do PSdeG-PSOE: 8 concelleiros.
- Grupo Político do PP: 3 concelleiros.
- Grupo Político de BNG: 1 concelleiro.
- Grupo Político Vilagarcía en Común: 1 concelleiro
- Grupo Político Marea da Vila: 1 concelleiro
- Grupo Político Ciudadanos: 1 concelleiro.

3) Os grupos políticos municipais deberán designar os seus representantes nas Comisións Informativas citadas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190627&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS NOMEAMENTOS DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS, QUE SEXAN DE COMPETENCIA DO PLENO.

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

REPRESENTACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS:

Preséntase ó Pleno da Corporación Municipal a seguinte proposta de designación de representantes municipais nos órganos colexiados que son competencia do Pleno, de conformidade co establecido no artigo 38 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), seguintes:

1º.- CONSELLO ESCOLAR DOS CENTROS DE EDUCACIÓN:

- I.E.S. Castro Aobre:D. Alfonso gonzález Gallego
- I.E.S. Miguel Angel González Estévez: Dona Lucía Cesar Veloso
- I.E.S. Fermín Bouza Brey: Grupo PSG-PSOE

- I.E.S. Armando Cotarelo Valledor: Dona Ana M^a Granja Guillán
- Centro de Educación Especial:
- C.E.I.P. A Lomba e Anexo A Lomba: Grupo PSG-PSOE
- C.E.I.P A Escardia: Grupo PSG-PSOE
- C.E.I.P Vilaxoán: Grupo PSG-PSOE
- C.E.I.P O Piñeiríño: Grupo PSG-PSOE
- C.E.I.P Vagalume: Grupo PSG-PSOE
- C.E.I.P Arealonga: Grupo PSG-PSOE
- C.E.I.P O Carril: D. Roberto Domínguez Bustelo
- C.E.I.P Rubiáns: Dona M^a de la O Fernández González
- Conservatorio Municipal de Música: Grupo PSG-PSOE
- Escola Oficial de Idiomas: Grupo PP
- Escola Infantil de O Carril:
- Escola Infantil de Vilaxoán: Grupo PSG-PSOE
- Comisión de Escolarización de Vilagarcía de Arousa (Artigo 43, apartado d) da Orde de 17 de marzo de 2007 (DOG do 19 de marzo): Grupo PSG-PSOE
- Consello Escolar Municipal:

PRESIDENTE: D. ARGIMIRO SERÉN MERA.

VOGAIS:

D. ALBERTO ESTEVEZ RODRÍGUEZ

D. GERMÁN MANUEL TORRES DE ABOAL

D. GERMÁN TORRES CANAY

DONA ROSINA SOBRIDO FERNÁNDEZ

D. JUAN MANUEL PAZ VALLE

DONA PURIFICACIÓN OLIVEIRA CORTÉS

D. JUAN MANUEL PÉREZ EYRE

D. MARCOS GAMARRA AGRELO

DONA SOCORRO ALONSO ALONSO

D. GONZALO ISAAC JUEGUEN MARTÍNEZ

2º.-CONSELLO DE ADMÓN. DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA:

Proponse a: 2 Representantes do Grupo PSG-PSOE

3º.- PADROADO DO ASILO-HOSPITALILLO:

Proponse a: D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quen delegue.

4º.- EIXO ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR:

Proponse como Titular a: D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quen delegue.

5º.- FUNDACIÓN PÚBLICA DEPORTIVA “MONTE CASTROVE”:

Proponse como Titular a: D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quen delegue (D. Argimiro Serén Mera).

6º.-CONSELLO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

De conformidade co disposto no regulamento aprobado o 18 de xullo de 1997:

Presidente (Alcalde): D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quen delegue.

Vogais: D/Dona Sonia Outón Casal (Concelleira de Cultura) e 1 concelleiro/a por grupo político municipal.

-1 representante PSdG-PSOE

- Dona Yolanda Bóveda Díaz

- Dona Lucía Cesar Veloso

- D. Jesús López Rodríguez

- Dona M^a de la O Fernández González
- D. David Higinio Oliveira Barreiro.

7º.-FUNDACIÓN RUTA XACOBEO DO MAR DE AROUSA E ULLA.

Proponse como Titular a: D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quen delegue.

8º.- FUNDACIÓN FEXDEGA:(Art. 17 Estatutos: 5 persoas en representación do Concello, unha O Alcalde e os outros 4 designados polo Pleno)

Propónse:

- Presidente: D. Alberto Varela Paz
- Catro concelleiros:
- 1 representante PSG-PSOE
- D. Alfonso González Gallego
- Dona Lucía Cesar Veloso
- D. David Higinio Oliveira Barreiro

9º.- CONSELLO LOCAL DE CONSUMO:

De conformidade co disposto no artigo 3 do regulamento aprobado o 14 de maio de 1992:

Presidente (Alcalde): D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quen delegue.

Vicepresidente: Dona Matilde Laya Lorenzo

Vogais: (1 concelleiro/a por grupo político municipal) .

- 1 representante PSdG-PSOE
- D. Miguel Angel García Miguéns
- Dona Lucía Cesar Veloso
- D. Jesús López Rodríguez
- Dona M^a de la O Fernández González
- D. David Higinio Oliveira Barreiro.

10º.- CONSELLO CONSULTIVO ECONÓMICO E SOCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 3 do regulamento aprobado definitivamente o 30 de marzo de 2012, propónse:

Presidente: D. Alberto Varela Paz ou Concelleiro/a en quen delegue.

Vogais (6 representantes municipais):

- 1 representante PSG-PSOE
- Dona Yolanda Bóveda Díaz
- Dona Lucía Cesar Veloso
- D. Jesús López Rodríguez
- Dona M^a de la O Fernández González
- D. David Higinio Oliveira Barreiro.

11º.- COMITÉ COMARCAL DA CRUZ VERMELLA NO SALNÉS .-

Proponse

D/Dona Tania García Sanmartín

12º.- COMISIÓN MIXTA PARITARIA DE CONTROL E SEGUIMENTO DO ACORDO MARCO E CONVENIO COLECTIVO.-

Propóñense aos/ás seguintes concelleiros/as:

ACORDO MARCO

Presidente: D. Alberto Varela Paz ou Concelleiro en quen delegue.

Vogais: Proponse a designación de tres concelleiros/as:

- 1 Representante do PSG-PSOE
- D. Miguel Angel García Miguens
- Dona Lucía Cesar Veloso

CONVENIO COLECTIVO

Presidente: D. Alberto Varela Paz ou Concelleiro en quen delegue

Vocal: Proponse a designación de dous concelleiros/as:

- 1 representante do PSG-PSOE
- D. Miguel Angel García Miguens

13°.- COMISIÓN DE CONTROL DO PLAN DE PENSÍONS.-

Propónse a desingación de tres membros da Corporación:

- 1 representante do PSG-PSOE
- D. Miguel Angel García Miguens
- D. Jesús López Rodríguez

14°.- MESA DE CONTRATACIÓN (Acordo Pleno 23 de marzo de 2018)

Proponse a seguinte composición da mesa de contratación, tendo en conta que os membros electos non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma.

Composición da mesa de contratación:

Presidente (con voz e voto): Titular: O Sr. Alcalde-Presidente

Suplente: A Primeira Tenente de Alcalde

Vocais (con voz e voto):

Vocal 1:

Titular: A Sra. Secretaria Xeral do Concello

Suplente: Técnico Administración Xeral ou Técnico de Xestión

Vocal 2:

Titular: A Sra. Interventora do Concello.

Suplente: Técnico Administración Xeral ou Técnico de Xestión

Vocal 3:

Titular: A Sra. Tesoureira do Concello.

Suplente: Técnico Administración Xeral ou Técnico de Xestión

Vocal 4:

Titular: O Sr. Arquitecto Municipal.

Suplente: Arquitecto Técnico ou Enxeñeiro Técnico

Vocal 5:

Titular: Un representante do grupo político municipal, con carácter rotatorio. (Voceiro/a dos Grupos Políticos PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos

Suplente: Un representante do mesmo grupo político municipal titular.

Grupo PSOE:

- Titular
- Suplente

Grupo PP:

- Titular: Alfonso González Gallego
- Suplente: Ana M^a Granja Guillán

Grupo BNG: Dona Lucía Cesar Veloso

Grupo Vilagarcía en Comun: D. Jesús López Rodríguez

Grupo Marea da Vila: Dona María de la O Fernández González

Grupo Ciudadanos: D. David Higinio Oliveira Barreiro

Secretario/a (sen voto): Titular: A Xefa do departamento de contratación do Concello

Suplente: Un funcionario/a do Concello (Departamento de Contratación.

Deberán designarse os representantes dos grupos políticos municipais que formarán parte da mesa de contratación, indicando titulares e suplentes, pola orde seguinte: PSdG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos

15°.- CONSELLO VECIÑAL:

De conformidade co disposto no artigo 4 do regulamento aprobado o 12 de novembro de 1992:

Presidente: D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quén delegue.

Vogais: (1 concelleiro/a por grupo político municipal)

- 1 representante PSdG-PSOE
- D. Roberto Domínguez Bustelo
- Dona Lucía Cesar Veloso
- D. Jesús López Rodríguez
- Dona M^a de la O Fernández González
- D. David Higinio Oliveira Barreiro.

16º.- CONSELLO DE NAVEGACIÓN.-

Proponse a D. Alberto Paz Varela ou concelleiro/a en quén delegue.

17º.- COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL.-

Presidente: D. Alberto Paz Varela, ou concelleiro/a en quén delegue.

Vogais (5 membros), proponse:

- 3 representantes do PSG-PSOE
- D. Alfonso González Gallego
- Dona Lucía Cesar Veloso

18º.- CONSELLO LOCAL DA MULLER.-

De conformidade co disposto no regulamento aprobado o 31 de xaneiro de 2002 a súa composición é a seguinte: (Artigo 2: Unha concelleira de cada grupo municipal, de non existir poderá designarse polo grupo unha representante que non sexa membro da Corporación).

Presidente/a : D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quen delegue:

Vogais: (1 concelleiro/a por grupo político municipal).

- 1 representante PSdG-PSOE
- Dona Yolanda Bóveda Díaz
- 1 “ BNG
- 1 “ Vilagarcía en Común
- 1 “ Marea da Vila
- 1 “ Ciudadanos - Cs

19º.- MANCOMUNIDADE DO SALNÉS (Xunta).-

Conforme ao previsto no artigo 4 dos Estatutos da Mancomunidade (DOG 17 de abril de 2015) resulta membro da mesma o Alcalde do Concello (ou concelleiro/a en quen delegue) ademais de dous representantes municipais elixidos no pleno de cada concello en votación única, podendo ser candidatos calquera concelleiro.

2 representantes municipais do PSG-PSOE

20º.- FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVICIOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS (FPSDM) (BOP 24-01-2012).- CONSELLO RECTOR:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera (Concelleiro de Deportes)

Conselleiros: 8 designados polo Pleno Municipal (Artigo 10: 1 membro por cada grupo político), que poderá non ser membro da Corporación.

- 3 representante PSdG-PSOE
- PP: Titular D. Alfonso González Gallego; Suplente: Dona Mónica María Miguens Iglesias
- 1 “ BNG
- 1 “ Vilagarcía en Común
- 1 “ Marea da Vila
- 1 “ Ciudadanos - Cs

20º.- XERENCIA DE URBANISMO

De conformidade co artigo 8 dos Estatutos (Presidente: D. Alberto Varela Paz) e deberá designarse un representante de cada grupo político municipal.

- 1 representante PSdG-PSOE
- Dona Ana M^a Granja Guillán
- Dona Lucía Cesar Veloso
- D. Jesús López Rodríguez
- Dona M^a de la O Fernández González
- D. David Higinio Oliveira Barreiro.

21º.- MESA LOCAL DE COMERCIO (Acordo Plenario 30-01-2012).

De conformidade co artigo 2 do Regulamento da Mesa Local de Comercio, proponse:

- Alcalde: D. Alberto Varela Paz.
- O Concelleiro de Comercio Dona Alba Briones Gamarra
- Dous Concelleiros/as:
- 1 representante PSG-PSOE
- D. Miguel Angel García Miguens

22º.- CONSELLO MUNICIPAL DA 3ª IDADE (Acordo Plenario de 27 de abril de 2006):

O Artigo 9 indica que a Asemblea xeral está constituída polos representantes dos grupos políticos municipais nomeados segundo o disposto no artigo 5 dos Estatutos, é dicir, cada grupo nomeará un representante de entre os seus membros, correspondendolle ao Pleno as competencias sobre nomeamentos e ceses.

Un representante de cada grupo político municipal:

- 1 representante PSdG-PSOE
- Dona Yolanda Bóveda Díaz
- 1 “ BNG
- 1 “ Vilagarcía en Común
- 1 “ Marea da Vila
- 1 “ Ciudadanos - Cs

23º.- FUNDACIÓN PLÁCIDO CASTRO

Proponse a: 1 concelleiro

Dona Sonia Outón Casal

24º.- PADROADO DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA.-

Proponse os seguintes concelleiros/as:

Titular: D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quen delegue.

25º.- GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA

Proponse a: D. David Higinio Oliveira Barreiro

26º.- FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

- 1 representante político
- Dona Tania García Sanmartín
- 1 representante técnico
- Dona Iria Camba Rey

27º.- ESTACIÓN DE HIDROBIOLOXÍA DO ENCORO DE CASTRO DE AGUDÍN

- Proponse a:
- D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quen delegue.

28º.- GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL:

- Proponse a:
 - Dona María de la O Fernández González
- Vilagarcía de Arousa, 24 de xuño de 2019.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo: Alberto Varela Paz

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezanove votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdG-PSOE (12), PP (5), BNG (1) e Ciudadanos (1), e dúas abstencións dos membros pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común (1) e Marea da Vila (1),

ACÓRDASE: Por maioría aprobar o nomeamento de representantes da Coproración en Órganos Colexiados excepto para a Mancomunidade do Salnés que se realiza votación a continuación: .
A seguir procédese á designación dos representantes do Concello na Mancomunidade do Salnés:

MANCOMUNIDADE DO SALNÉS (Xunta).-

Conforme ao previsto no artigo 4 dos Estatutos da Mancomunidade (DOG 17 de abril de 2015) resulta membro da mesma o Alcalde do Concello (ou concelleiro/a en quen delegue) ademais de dous representantes municipais elixidos no pleno de cada concello en votación única, podendo ser candidatos calquera concelleiro.

Propoñéndose ademais do Alcalde Presidente a:

- Dona Tania García Sanmartín, en representación do PSG-PSOE
- D. Lino Mouriño Santiago, en representación do PSG-PSOE

O grupo municipal do PP propón a D. Alfonso Ramón González Gallego

Os grupos municipais do BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos non propón representante.

Sometido a votación, da o seguinte resultado:

- **Dona Tania García Sanmartín:** 6 votos a favor dos seguintes membros do grupo municipal do PSG-PSOE: D. Alberto Varela Paz, Dona Tania García Sanmartin, D. Argimiro Serén Mera, Dona Paola María Mochales, D. Lino Mouriño Santiago e Dona Sonia Outón Casal. (6)
 - D. Lino Mouriño Santiago. 6 votos a favor dos seguintes membros do grupo municipal do PSG-PSOE: D. Diego García Santiago, Dona Luz Maria Abalo Pérez, D. Alvaro Carou García, Dona Alba Briones Gamarra, D. José María González Araujo e Dona Matilde Laya Lorenzo (6)
 - D. Alfonso Ramón González Gallego: 5 votos a favor dos membros do grupo municipal do PP
- Os representantes dos grupos municipais do BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) abstéñense na votación.

En consecuencia, acórdase o nomeamento como representantes do Concello de Vilagarcía de Arousa na Mancomunidade do Salnés, os seguintes Concelleiros que obtiveron maior número de votos a favor:

- Dona Tania García Sanmartín, concelleira do grupo municipal do PSG-PSOE.
- D. Lino Mouriño Santiago, concelleiro do grupo municipal do PSG-PSOE.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190627&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

8. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ESTABLECEMENTO DE RETRIBUCIÓNS AO ALCALDE, CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS E DETERMINACIÓN DE NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL EVENTUAL - Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:
PROPOSTA DA ALCALDÍA

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local (LRSAL) introduciu un artigo 75 bis na Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora da bases do réxime local (LBRL) na que se establecía que os membros das corporacións locais percibirán por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que estean en situación de servizos especiais, as seguintes contías:

Corporación con poboación entre 20.001 e 50.000 habitantes:

Referencia Secretario/a de Estado -45% (58.372,00 €)

Así mesmo a citada LRSAL introduce un artigo 75 ter establecendo que a prestación de servizos nos concellos en réxime de dedicación exclusiva por parte dos seus cargos políticos nos concellos con poboación comprendida entre 35.001 e 50.000 habitantes, non excederá de once.

Finalmente a LRSAL introduce un artigo 104 bis no que fixa para os concellos con poboación superior a 20.000 e non superior a 50.000 habitantes nos seus cadros de persoal postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder de sete.

O Concello de Vilagarcía de Arousa nunca estivo nos máximos que permite a LRSAL, tanto para os cargos políticos como para o persoal eventual pero tamén é certo que precisa do traballo de ambos (cargos políticos e persoal eventual) para o debido cumprimento das competencias municipais e polo tanto deben percibir retribucións polo desempeño do exercicio do cargo.

A Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL), rompeu coa tradición da gratuidade do desempeño da función do cargo público local e estableceu ao amparo das corporacións elixidas democraticamente a posibilidade de que os cargos electos poidan percibir retribucións e indemnizacións polo desempeño do exercicio do cargo.

O artigo 75 LBRL contén a regulación dos dereitos económicos dentro do que se denomina Estatuto dos cargos electos e que comprende para as percepcións económicas dos cargos electos os seguintes conceptos:

- Retribución salarial cando desempeñen o cargo en réxime de dedicación exclusiva.
- Retribución salarial cando desempeñen o cargo en réxime de dedicación parcial.
- Asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados na contía sinalada polo Pleno.
- Indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo.

Debe terse en conta que tanto os cargos con dedicación exclusiva como con dedicación parcial non perciben ningunha contía económica en concepto de asistencias aos órganos colexiados da corporación.

O grupo de goberno, presenta a seguinte proposta para a aprobación polo Pleno da Corporación Municipal:

1.- Cargos políticos con dedicación exclusiva:

- Retribucións anuais
- Alcalde: 52.799,98 € (14 pagas)
- 1ª Tenente Alcalde: (dedicación exclusiva) (Dona Tania García Sanmartín) 34.761,84 € (14 pagas)
- Concelleira Delegada Urbanismo e Mobilidade: (dedicación exclusiva) Dona Paola María Mochales 30.445,91€ (14 pagas)
- Concelleiro Delegado de Obras, Alumeado Público e Relacións veciñais: (dedicación exclusiva) D. Lino Mouriño Santiago 30.445,91€ (14 pagas)
- Concelleira Delegada Cultura, Normalización Lingüística e Persoal: (dedicación exclusiva) Dona sonia Outón Casal 30.445,91€ (14 pagas)
- Concelleiro Delegado de Turismo, Novas Tecnoloxías e Administración Electrónica (dedicación exclusiva) D. Alvaro Carou García 30.445,91€ (14 pagas)
- Concelleira Delegada de Promoción Económica, Emprego, Xuventude (dedicación exclusiva) Dona Alba Briones Gamarra 30.445,91€ (14 pagas)

Os/as concelleiros/as que se acollan ao réxime de dedicación exclusiva, non percibirán ningunha contía económica pola asistencia ás sesións da Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Plenos.

Os cargos electos nomeados serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresariais correspondentes.

2.- Persoal eventual (postos e contías):

- 1 Director de actividades deportivas: Retribución anual: 27.678,00 €(14 pagas)

- 1 Secretario particular Alcaldía: Retribución anual: 27.678,00 €(14 pagas)

3.- Publicar integramente no BOP e no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes ás retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e persoal eventual e na sede electrónica municipal: <http://sede.vilagarcia.gal>.

Vilagarcía de Arousa, 25 de xuño de 2019

O Alcalde Presidente;

Asdo.- Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos membros pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (12), e nove votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (5), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a proposta da Alcaldía de establecemento de retribucións ao Alcalde, Concelleiros/as Delegados/as e Persoal eventual..

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190627&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

9. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DOTACIÓN ECONÓMICA AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.- Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DO ALCALDE-PRESIDENTE

DOTACIÓN ECONÓMICA DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

Unha vez constituídos os grupos políticos teñen a consideración de entidade independente da organización do Partido Político co que os seus membros concorreron ao proceso electoral e da propia Corporación Municipal na que desenvolven a súa actividade.

Os grupos son titulares de dereitos, principalmente a percepción de asignacións e o dereito a dispoñer dun local. Por outro lado o grupo político e a referencia organizativa da nova Corporación, debendo estar o Pleno e as Comisións Informativas compostas por todos eles de forma proporcional

De conformidade co disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local o Pleno da Corporación, con cargo ós Orzamentos anuais da mesma, poderá asignar ós grupos políticos unha dotación económica que deberá contar con un compoñente fixo, idéntico para todos grupos, e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

En consecuencia é vontade do grupo de goberno continuar dotando ós grupos políticos do

Concello de Vilagarcía de Arousa de asignacións económicas que posibiliten e faciliten a súa actuación corporativa en defensa dos intereses xerais da cidadanía. Cabe destacar que o Art. 2.uno.e) da Lei Orgánica 8/2007, de 4 de xullo, sobre financiación dos partidos políticos (LOFPP), contempla como recursos económicos dos partidos políticos as aportacións que os grupos políticos das entidades locais realicen a favor dos partidos políticos dos que forman parte.

Hai que ter en conta que a LOFPP cualifica estas aportacións como un recurso máis e non como subvención. Polo tanto, a financiación debe responder á prestación de un servizo concreto e determinado, a favor do grupo político da Entidade Local correspondente, por parte do partido político receptor dos fondos (exemplo contratación de persoal ao servizo do grupo político municipal).

Ademais, hai que ter en conta que a partir do 1 de xaneiro de 2019, a raíz da entrada en vigor do RD 1512/2018, de 28 de decembro, polo que se modifican o Regulamento do Imposto sobre o Valor Engadido así como o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, a nova redacción do artigo 3.1.a) inclúe a obriga de facturación dos partidos políticos, en calquera suposto, incluso para as operacións exentas comprendidas no art. 20.1.18º da Lei 37/1992, Reguladora do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).

Polo tanto os partidos políticos deben expedir facturas polos servizos prestados aos grupos políticos das entidades locais, aínda que ese suposto se atope entre os exentos de acordo co artigo 20.1.18º da Lei do IVE.

Por medio do presente veño a someter ao Pleno da Corporación a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO: Que cada un dos grupos municipais constituídos conte cunhas dotacións económicas coas seguintes características:

Compoñente fixo mensual por cada grupo: 300,00 €

Compoñente variable mensual: 300,00 € por cada concelleiro que integre o grupo.

SEGUNDO: Tendo en conta os grupos constituídos, e segundo a composición derivada dos resultados acadados nas eleccións municipais celebradas o 26 de maio de 2019, a dotación económica de cada un dos grupos municipais, é a que de seguido se indica:

GRUPO MUNICIPAL	Nº CONCELLEIROS	COMPONENTE FIXO	COMPONENTE VARIABLE	TOTAL MENSUAL	TOTAL ANUAL
PSdeG-PSOE	12	300,00	300,00	3.900,00	46.800,00
PP	5	300,00	300,00	1.800,00	21.600,00
BNG	1	300,00	300,00	600,00	7.200,00
VILAGARCIA COMUN EN	1	300,00	300,00	600,00	7.200,00
MAREA DA VILA	1	300,00	300,00	600,00	7.200,00
CIUDADANOS	1	300,00	300,00	600,00	7.200,00

TERCEIRO: A periodicidade do recoñecemento da obriga e do pago será de carácter mensual, o presente acordo producirá efectos económicos a partir do mes seguinte ao da súa aprobación polo Pleno da Corporación.

CUARTO: Os grupos municipais quedan sometidos, a efectos da percepción das dotacións económicas, as seguintes normas segundo o previsto no artigo 73 da Lei 7/1985 de 2 de abril:

- Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica das asignacións económicas.
- Dita contabilidade se terán que poñer a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o requira.
- Deben comunicar o NIF ós servizos económicos do Concello con anterioridade ó pago da primeira asignación.
- Os fondos percibidos por este concepto non poden destinarse ao pago de remuneracións ao persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación nin á adquisición de bens que

podan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

- De conformidade co disposto no acordo plenario de 26 de abril de 2018 toda a información achegada polos grupos políticos municipais, no referente aos seus ingresos e gastos farase pública subíndoa ao Portal de Transparencia da Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa (<https://sede.vilagarcia.gal>)
- As cantidades non xustificadas ou non xustificadas adecuadamente, deben ser obxecto de reintegro a favor do Concello.
- Cada grupo político remitirá á Intervención Municipal a contabilidade das asignacións e a documentación xustificativa dos gastos realizados no primeiro mes de cada ano, comprensiva da asignación correspondente a anualidade anterior.

Vilagarcía de Arousa, 25 de xuño de 2019

O Alcalde-Presidente

Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezasete votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12) e PP (5), dúas abstencións dos membros pertencentes aos grupos políticos municipais de Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e dous votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do BNG (1) e Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a proposta da Alcaldía de dotación económica aos grupos políticos municipais tal e como figura redactada.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190627&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

10. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS INDEMNIZACIÓNS AOS/ÁS CONCELEIROS/AS EN CONCEPTO DE ASISTENCIAS POLA CONCORRENCIA EFECTIVA ÁS SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA CORPORACIÓN E CONTÍA DAS AXUDAS DE CUSTO.- Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DO ALCALDE-PRESIDENTE

ASUNTO: Proposta de réxime de indemnizacións en concepto de asistencias aos órganos colexiados da corporación, así como das axudas de custo.

De conformidade có disposto no artigo 75.3 da Lei 7/85 reguladora de Bases de Réxime Local, só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, e nas contías sinaladas polo Pleno da Corporación.

Asemade os membros das Corporacións Locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que aprobe o Pleno da Corporación en desenrolo das mesmas.

En consecuencia, unha vez constituída a nova Corporación, sométese á aprobación do Pleno o réxime de indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación de conformidade coa seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO: Aprobar o seguinte réxime de asistencias dos cargos electos do Concello de

Vilagarcía de Arousa:

1. Por concorrencia efectiva a reunións de órganos colexiados: Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial percibirán indemnizacións por asistencias a reunións de órganos colexiados da Corporación nas contías que abaixo se indican:

Asistencia a Plenos: 130,00 €

Asistencia a Xunta de Goberno Local: 130,00 €

Asistencia a Comisións Informativas: 110,00 €

As asistencias devengarase por cada sesión celebrada a partires da adopción do presente acordo.

Estas asistencias deberán ser xustificadas mediante certificación expedida polo/a Secretario/a do órgano colexiado.

2. Indemnización polos gastos ocasionados no exercizo dos seus cargos: Os membros da Corporación terán dereito a ser indemnizados polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo nos termos establecidos no Real Decreto 462/2002 de 24 de maio sobre indemnizacións por razón de servizo.

A tales efectos teranse en conta as contías sinaladas no RD 462/2002 para o grupo I, e de conformidade có sinalado na Base 50 das Bases de Execución do Orzamento de 2018 actualmente vixentes, os membros da Corporación percibirán as contías acordadas polo Pleno.

Estas indemnizacións serán compatibles co desenvolvemento de cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

CONTÍAS DE DIETAS:

Por aloxamento	Por manutención	Dieta enteira
GRUPO 1: 102,56 €	53,34 €	155,90 €
Kilometraxe: 0,19 €/Km.		

En relación coas axudas de custo, desprazamentos e indemnizacións por razón de servizo deberán presentarse os seguintes xustificantes:

- Factura xustificativa dos gastos de aloxamento e manutención.
- Factura ou ticket xustificativo dos gastos de aparcamento e peaxes de autopista.
- Factura xustificativa do gasto no caso de empregar outro medio de transporte distinto do vehículo propio
- Xustificante da asistencia a cursos, nos casos que proceda.

SEGUNDO: O presente acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro de Anuncios da Corporación, segundo o disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985 reguladora de Bases de Réxime Local, así como na sede electrónica municipal: <http://sede.vilagarcia.gal>.

Vilagarcía de Arousa, 25 de xuño de 2019.

O Alcalde-Presidente

Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos membros pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (12), unha abstención do membro pertencente ao grupo político municipal de Marea da Vila (1), e oito votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (5), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Ciudadanos (1)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a proposta da Alcaldía de réxime de indemnizacións en concepto de asistencias aos órganos colexiados, así como das axudas de custo, tal e como

figura redactada.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190627&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

E sen máis asuntos que tratar, ás 18:40 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.